



## A banda da Loba presenta o seu novo disco 'Lovismo' o 17 de xaneiro

Este venres 10 será posible escoitar o segundo sinxelo de adianto, 'Xogo de agardar', que chega acompañado dun videoclip gravado no estudio

O concerto de presentación de 'Lovismo' vai ser o 1 de febreiro na Sala Capitol de Santiago e as entradas están á venda na web [salacapitol.com](http://salacapitol.com) e fisicamente na tenda Trisquel Artesanía



As integrantes de A banda da Loba © Sonia García

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro do 2025.- *Lovismo*, o quinto disco d'[A banda da Loba](#), ABDL, **publicarase o vindeiro 17 de xaneiro** nas principais plataformas. Este esperado novo LP chega logo dun ano da banda afastada dos escenarios para traballar arreo nun disco que ten como fío condutor o amor nas súas múltiples formas de expresións —o desexo, as relacións, a maternidade, o amor propio, a sororidade, o amor polo noso...— e que leva o selo do estilo calidoscópico de ABDL.

O anuncio chega acompañado da saída do sinxelo *Xogo de agardar* e mais o seu videoclip, dispoñibles **a partir das 00.00 horas deste venres 10** nas plataformas e mais na [canle de YouTube](#) da banda, respectivamente. *Xogo de agardar* é un tema inspirado no que sentimos cando coñecemos a unha persoa e, con só unha ollada, saltan faíscas. Un tema sobre as cóxegas na boca do estómago e ese xogo de sedución que pode acabar ben, ou non, pero que se converte desde o inicio nunha pequena historia de amor que enche de ledicia. *Xogo de agardar* publicarase ao mesmo tempo que o seu videoclip, gravado en Abrigueiro, con letra e música de Inés Mirás, exintegrante de ABDL.



## Ouveos de festa na Capitol

A presentación pública de **Lovismo** será nun **concerto na Sala Capitol de Santiago o vindeiro 1 de febreiro**. As entradas para esta cita están **á venda** na web [salacapitol.com](https://salacapitol.com) e fisicamente na tenda Trisquel Artesanía da cidade picheleira. Os **menores de 16 anos poden asistir** ao concerto sempre que estean acompañados dun adulto responsable e será indispensable presentar o DNI.

Este concerto de presentación do novo traballo das “Lobas” vai ser unha auténtica festa na que estarán rodeadas de artistas amigos para dar a benvida a **Lovismo**. Polo de agora están confirmadas a participacións de Tomé Mouriño (De Ninghures) e dos músicos Adrian Real, Manu Doel, Lara Porto e Cristóbal Fernández, pero quedan aínda novas sorpresas que serán anunciadas axiña.

## ABDL

**A banda da Loba** irrompeu na escena musical galega con *Bailando as rúas* (2017), co que acadaron un grande éxito e deixaron claro que chegaban para quedarse, facéndose un oco grazas ao seu heteroxéneo estilo musical. Dous anos máis tarde, no 2019 presentarían *Fábrica de luz* e no 2021 estrearon *Hasme oír*, un EP dedicado a Xela Arias, sendo ambos os dous traballos finalistas nos Premios MIN na categoría de mellor disco en lingua galega. Alén diso, no 2021, ABDL gañou o Premio Martín Códax na categoría de pop e indie. O 2022 foi o ano de *Xabón Lagarta*, un traballo co que estiveron xirando ata finais do 2023. Este 2025 volverán aos escenarios con **Lovismo**.

Na actualidade, ABDL está integrada por Andrea Porto (baixo), Estela Rodríguez (violín), Marcela Porto (percusión), Xiana Lastra (voz) e Iria de Cabo (guitarra), que chega á formación substituíndo a Inés Mirás.

**Videoclip ‘Xogo de agardar’:** <https://www.youtube.com/watch?v=mOMysHY8F E>

### Concerto de presentación de ‘Lovismo’

1 de febreiro do 2025 | 21.30 h | Sala Capitol | 12 € anticipada e 15 € en billeteira

Entradas á venda en [salacapitol.com](https://salacapitol.com) e Trisquel Artesanía [Rúa da Acibechería, 31, Santiago de Compostela]

AVISO: Os menores de 16 anos poden asistir acompañados dun adulto responsable e presentando o seu DNI

**Web A banda da loba** | <https://abandadaloba.gal/>

**Accede o kit de prensa** | <https://cutt.ly/presskitABDL>

### Contacto de prensa ABDL

The Office Comunicación

Bea Pérez | 604 070 409 | [bea@theofficeco.es](mailto:bea@theofficeco.es)

Lucía Pita | 675 404 321 | [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)